
Convocada Folga indefinida para todo o persoal de Telefónica
MÉRCORES 27 DE MAIO 1ª XORNADA DE PARO

O vindeiro mércores 27 de maio terá lugar a primeira xornada de paro da Folga indefinida, os mércores e de 1 hora de duración, convocada polos sindicatos da Coordinadora de Burgos. **Os horarios do paro** son os seguintes:

- Quendas de mañá e de noite: última hora da xornada laboral.
- Quenda de xornada partida: última hora da mañá.
- Quenda de tarde: primeira hora da xornada laboral.
- Xornadas reducidas: a vontade do traballador, a parte proporcional ou ata 1 hora.

Os motivos para o paro, recollidos na convocatoria son os seguintes:

- Contra a externalización de actividades e polo mantemento das mesmas por persoal propio.
- En contra das pretensións da empresa de cambiar a estrutura salarial en canto a soldos base, antigüidade e pase de niveis.
- Polo cumprimento dos acordos do 2 de xullo de 2008 en materia salarial para o ano 2009.
- Pola retirada dos despedimentos e sancións aos delegados de Madrid.

Como xa dixemos en comunicados anteriores os motivos recollidos están moi relacionados pois todo está encamiñado, cunha estratexia clara por parte de Telefónica, para cambiar o modelo de empresa. Cando na negociación do vixente convenio, o cadro de persoal viu en perigo as súas condicións de traballo, aparece unha mobilización evidente e imposible de ocultar; a resposta da empresa foi contundente: **Represión Sindical**. Aínda así tiveron que adiar os cambios que pretendían e asinar o convenio en pleno mes de xullo.

Agora aparece de novo a situación vivida na negociación do convenio coas **“Mesas de Ocultación Permanente”**, foros nos que se van a negociar os cambios que persegue a empresa. Negociación que se levará a diante de costas aos traballadores e traballadoras, por iso é fundamental dar unha resposta contundente.

A modalidade do paro, de carácter indefinido, pretende que o cadro de persoal manteña a alerta o tempo que sexa preciso para evitar que nas mesas de negociación consuman a traizón que impedimos na negociación do convenio. Para defender as nosas condicións de traballo non nos queda outra que a mobilización.

POLA DEFENSA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO, O 27 DE MAIO PARA !!!

Galiza, 25 de maio de 2009